



Area / Unidade GESTION DEL SUELO UR2200 MBM	Documento 62019I02IH	
Código de verificación 	Expediente 620/2024/171	
0N1V 1X5E 5Z2T 093E 09KU	Data 11-09-2025	

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ANEXO COMPLEMENTARIO AO PROXECTO MODIFICADO NÚM. 2 DE URBANIZACIÓN DO SECTOR 7 “RECINTO FERIAL” (EXPEDIENTE 620/2024/171).

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o Anexo complementario ao Proxecto modificado núm. 2 de urbanización do Sector 7 “Recinto Ferial” (código de asento RMPE181OT4) de setembro de 2024 achegado o 24/10/2024 pola Xunta de Compensación, facendo constar como observación, de acordo co informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal o 24/11/2024 (Código de Verificación 1M3V 4H4M 4B2B 1H5E 03J2), a necesidade de que, por parte das comunidades de propietarios nas edificacións situadas nas parcelas P.III/III.2, P.III/III.4 e o Centro Comercial Espazo Coruña, se proceda á total impermeabilización que afecta os sotos destas edificacións para a correcta execución das obras de urbanización, deixando constancia de que este Concello non será responsable das posibles filtracións de auga que puidesen aparecer nos garaxes dos sotos destas edificacións, unha vez finalizadas e recepcionadas as obras de urbanización do Proxecto Modificado núm. 2 da Urbanización do Recinto Ferial.

SEGUNDO.- Desestimar as alegacións presentadas na fase de exposición pública da aprobación inicial do Anexo complementario ao Proxecto modificado núm. 2 de urbanización do Sector 7 “Recinto Ferial”, en base ao informe emitido polo enxeñeiro de camiños municipal de data 17 de xuño de 2025 (CSV: 2M37 336R 5Y03 2T32 0W23).

TERCEIRO.- Publicar o acordo de aprobación definitiva do Anexo complementario ao Proxecto modificado núm. 2 de urbanización do Sector 7 “Recinto Ferial” (código de asento RMPE181OT4), mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello, así como a notificación individual aos propietarios afectados, de



conformidade co disposto no artigo 226.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.”

Contra o acordo aprobado, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, que empezará a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio. Todo isto de conformidade co artigo 123 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao que se realice a publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso administrativa, sen prexuízo de calquera outro que estimen pertinente.

O expediente estará a disposición dos interesados, durante o prazo dun mes, nas dependencias do Departamento de Xestión do Solo, sitas no edificio de Urbanismo, Praza Indalecio Prieto, 2º andar, en horario de 9:00 a 14:00, previa cita que poderán solicitar por escrito no Rexistro municipal ou na dirección de correo electrónico gestionsuelo@coruna.gal.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

Francisco Dinís Díaz Gallego

Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda